

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día quince de xuño de dous mil dezasete, baixo a presidencia baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Único: Comparecencia do alcalde de Cambre, don Óscar A. García Patiño e do concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, don Juan González Leirós, co fin de informar, dar as debidas explicacións e responder ás preguntas formuladas polos grupos municipais da oposición, para os efectos de esclarecer as causas polas que o proxecto “Facendo Cambre” non figura como “seleccionado” na Resolución do 18 de maio de 2017, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, así como as posibles depuracións de responsabilidades que puideran esixirse se, como consecuencia das comparecencias e da documentación achegada, se desprendera unha grave negligencia dos comparecentes na xestión dos fondos públicos

O señor alcalde concede a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, responsable da tramitación do expediente que se presenta hoxe a debate neste pleno.

Don Juan González Leirós manifesta que antes de comezar a expoñer o tema do Edusi quere facer un comentario previo. O Edusi, Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado, non é un proxecto do goberno municipal, nin sequera da corporación. É un proxecto, como xa se dixo aquí, do conxunto de Cambre á altura do orzamento municipal ou dun plan xeral de ordenación urbana. É un proxecto de directrices de actuación no exercicio da gobernanza.

Continúa a dicir que vai facer, como non cabe doutra forma, unha breve historia do Edusi.

Di que primeira convocatoria, xaneiro do 2015, Eosa se presenta no Concello para advertir ao goberno municipal que terá lugar un proceso dun Edusi.

En marzo do 2015, a empresa Eosa volve a presentarse no Concello para comentar o mesmo asunto. Naquel momento do 2015, evidentemente o goberno era do Partido Popular. Di que dá igual que fora outro, pero era o Partido Popular.

O día 19 de maio de 2015 ditouse una providencia do concelleiro de Contratación, para contratar un plan de mobilidade, en vez dunha estratexia Dusi. O goberno municipal naquel momento non entendeu

que o Edusi non era un asunto menor. Dito doutro xeito, que Edusi era un asunto maior. Tampouco se decatou que un plan de mobilidade é un plan de mobilidade, non é una estratexia Dusi.

O 25 de maio de 2015 houbo eleccións municipais, é dicir, sete días despois de ditar a providencia. Indubidablemente, o concelleiro que ditou a providencia pensaba non perder as eleccións. Perdeu as eleccións e a providencia quedou aí.

Entre o 13 de xuño e o 2 de xullo correspondía o democrático, razoable, obrigado traspaso de competencias para os efectos de que os proxectos previstos non se perderan no camiño. A pesar de que o novo alcalde chamou por teléfono ao exalcalde, cando menos, en dúas ocasións, xamais se produciu o necesario traspaso de competencias e asuntos pendentes. Simplemente, non apareceron.

O día 30 de setembro de 2015, Eosa reúnese co concelleiro de Obras e Servizos. Naquel momento xa advirte da nova corporación, para informarlle respecto da estratexia Dusi.

Di que non se encontra ningunha xestión respecto deste asunto nos expedientes, agás unhas notas manuscritas do concelleiro nunha carpeta.

O día 17 de novembro de 2015 dimite o concelleiro de Obras e Servizos e tampouco se produciu o traspaso de competencias e de asuntos.

O día 17 de novembro de 2015, o mesmo día, publicouse a primeira convocatoria do Edusi. O proxecto debía ser presentado o día 19 de xaneiro de 2016, apenas dous meses para construílo e redactalo.

Di que para poder desenvolver un Edusi, cunhas mínimas garantías, se pedía máis ou menos ter algúns destes documentos: un plan xeral de ordenación urbana, unhas actuacións vinculadas á axenda 21, un plan de mobilidade e accesibilidade, un plan de emprego, un plan de igualdade, un plan local de conciliación, un plan de eficiencia enerxética, un plan de vivenda ou outros documentos estratéxicos e/ou plans socioeconómicos. De todos estes, cre lembrar, por favor non lle tomen a palabra porque non o lembra agora ben, que soamente había no concello un plan local de igualdade. Ten a dúbida se había un plan de conciliación. Cre que non, naquel momento. Isto lles poñía nunha postura bastante incómoda para poder realizar a Dusi con certas garantías. Podíase intentar. É certo. Botoúselles na cara e recoñece que se podía intentar. Creu que non había suficientes garantías.

Continúa a dicir que nese momento o Consorcio das Mariñas ofrece facer un proxecto común, co que o concello incorpora o citado proxecto, porque xa se tiña contratado e lle parecía mellor con estes datos co curto prazo de tempo e dado que o Consorcio das Mariñas ofrecía un proxecto común de Edusi, que xa había contratado, se decidiu non presentar a primeira convocatoria no Concello de Cambre.

O 19 de xaneiro de 2016 presentouse no Ministerio o proxecto da primeira convocatoria do Edusi nun proxecto común dos concellos da área.

Manifesta que o proceso da segunda convocatoria, evidentemente, resolta a primeira, o goberno municipal se pon en movemento para comezar os vimbios para compoñer o cesto da segunda convocatoria Edusi. No contexto das mesas de conformación da área metropolitana que se daban entre todos os concellos, se estudan dúas solucións. A primeira, pasaba por presentar un Edusi metropolitano co Concello da Coruña ao fronte e, de feito, chegouse a contratar por parte da Coruña esta Edusi. Porque sabía que había moitas máis posibilidades se o Edusi se conformara como un proxecto integral da área metropolitana que non se conformara como un concello. Así se trasladaba dende o Ministerio.

A segunda opción era que cada concello realizara o seu Edusi individualmente, usando como base o análise estratéxico da área metropolitana estudado pola Coruña. Non é que se lle cedera, pero se ía conformar dende a estratexia da área como principio e punto de partida.

O día 29 de setembro de 2016, a dúbida entre unha ou outra opción, dispouse, evidentemente, ao ler a resolución da primeira Edusi, onde A Coruña quedaba fóra. Polo tanto, A Coruña necesitaba participar na segunda Edusi, co seu propio proxecto e non podía participar na área metropolitana.

Fai un inciso soamente para volver atrás.

Di porque a proposta de presentar todos xuntos. Porque a proposta consistía en que, se se ganaba, A Coruña cedía os quince millóns de euros aos concellos que coparticipaban dese proxecto de área metropolitana. Naquel caso, estaba Oleiros, porque todo se reflectía na área metropolitana, sobre todo, no ámbito do que era a ría do Burgo e a conexión co enlace de Cecebre. Esa era a área a estudar. Polo tanto, se estaba Oleiros, Cambre e Culleredo no proxecto se querían, Culleredo xa obtivera a primeira convocatoria, polo tanto, quizais, non tiña interese en participar, quedaba Cambre e Oleiros. Probablemente, Oleiros se quería participar pois ben e se non quería participar, pois non. Esa era a fórmula.

Expón que a segunda, era que cada concello, como xa dixo, realizara o seu Edusi individualmente, usando baseándose na análise estratéxica da área metropolitana estudado pola Coruña.

O día 29 de setembro de 2016, a dúbida resolveuse.

O día 6 de outubro de 2016 publicouse a convocatoria da segunda Edusi. O prazo de presentación é ata o 13 de decembro de 2016. Comézase a preparar o contrato.

O 24 de outubro de 2016 adjudicouse a Eosa, mesma empresa que realizaba o Edusi na Coruña, tamén en Culleredo, e que xa traballara no Concello de Cambre, no Plan Arume, entre catro ou cinco empresas. Considerouse que era a mellor empresa, o importe de 21.719,50 IVE incluído.

Exposición pública. Asociacións, comerciantes, grupos políticos, participación de todos aqueles sectores a dinamizar, entre o día 8 de novembro e o día 9 de decembro.

O día 7 de decembro mantivo unha reunión cos partidos políticos e unha charla por parte de Eosa.

O día 9 de decembro, se non lembra mal, tamén se realizou durante toda a mañá a presenza de Eosa para atender aquelas cuestións que os partidos políticos quixeran formular.

O día 12 de decembro tivo lugar a sesión do pleno para tratar este tema do Edusi, no que se aproba. Algunhas das conclusións que se fan se poden comentar. O voceiro do Partido Popular, como non pode ser doutro xeito, e tiña razón el mesmo, o señor Leirós, é fundamental para o salvamento do concello, fundamental, por iso o Partido Popular xa pensaba nos primeiros meses que había que conseguir estes fondos. Xamais é tarde, se ao final, eses fondos veñen para Cambre.

Di que o voceiro do Partido Popular continúa a dicir que se alegra moito do desenvolvemento, aínda que ten que facer unha crítica, non destrutiva, senón construtiva, porque todo aquilo que criticaban durante o mandato do PP, se refería ao goberno actual, na alcaldía, agora están eles a levalo a cabo, pero multiplicado por dous. O documento enviouse hoxe ás 12.14 horas, de dúascentas dezaioito páxinas para vir ao pleno, das 19 horas. E tivo un mínimo tempo para lelo, por riba, mínimo. Pero na maioría das cousas, están de acordo. Porque o PP presentou quince propostas ao goberno, das cales recollen

practicamente nove. Parece que queda claro e evidente que o Partido Popular naquel momento estaba de acordo co documento.

Manifesta que ACdeC-Son advirte que están de acordo en que no documento se seguen unha serie de obxectivos, unha serie de mínimos nos que Asemblea se ve bastante representada. O carácter social, medioambiental, integrador destes obxectivos failles difícil sacarllas demasiadas cousas en contra.

Ciudadanos, pola súa parte, manifesta que cre que a empresa Eosa para o pouco tempo que tivo ten feito un bo traballo, dentro do pouco tempo que tamén eles tiveron para velo.

Si é certo, contestando ao Partido Popular, que se lles enviou un primeiro documento resumo de corenta e cinco páxinas, antes das dúascentas dezanove, que se enviaron hoxe. Efectivamente, moitas das propostas eran comúns, algunhas eran de todos os partidos; outras, do goberno e outros partidos. Pero se ven reflectidas e comparten moi ben as necesidades que todos ven para Cambre. Esta foi a contestación que cada un deu no pleno.

O día 13 de decembro de 2016 presentouse na plataforma do Estado a estratexia Dusi para Cambre.

O día 18 de maio de 2017, resolución Edusi. En Galicia, de oito presentados seleccionáranse catro. Os outros catro quedaron non seleccionados. Os seleccionados foron A Coruña, Ferrol, Arteixo e Ares. Os non seleccionados Deputación de Ourense, Cangas, Carballo e Cambre.

Di que vai facer unha pequena avaliación da Edusi. Cre que se pide e pensa que é conveniente. Non avaliación porque vaia a matizar os valores do Ministerio, que son del e xamais se atrevería a facelo. O Ministerio decidiu e el non entra niso.

Dicir que a máxima valoración do Edusi son cen puntos repartidos en trinta e dous alíneas.

Segundo as propias bases, visto así, se podía entender que un aprobado é chegar aos cincuenta puntos. Cambre tivo cincuenta e oito con cinco. Polo tanto, Cambre aprobado. Pero, isto non quere dicir nada porque o proceso do concurso é un proceso competitivo. Que significa. É dicir, seleccionanse os mellores valorados ata completar a cifra asignada e os demais se quedan fóra. Seleccionanse aqueles catro que teñen maior puntuación e os demais quedan fóra, aprobaran ou non aprobaran. Esa é a fórmula de selección e así o hai que admitir porque son as regras do xogo. Isto é un partido onde se che pitan un penalti, pois che pitan un penalti, che guste ou non che guste.

Como dixo, cincuenta puntos, aprobado. Cincuenta e oito con cinco é o que ten Cambre. Neste caso de agora, non na primeira convocatoria, que con cincuenta e oito con cinco na primeira convocatoria probablemente estaría seleccionado, aínda que non chegaría, pero estaría cerca; neste caso, o límite púxose en sesenta e catro con cincuenta puntos. Polo tanto, faltaban seis puntos para chegar. Fixo unha simulación, e non pode evitar dicir que foi interesada, porque evidentemente tirou para a casa, e déulle que podía ter obtido sesenta e sete puntos, co cal se podería estar dentro. Non debe criticar a forma de puntuar do Ministerio, nin quere, dáo por válido e non o pode aceptar doutra forma.

Neste concurso hai un xuíz, que son os funcionarios do Estado e que tomaron unha decisión, acertada ou non. Para el, non. Pero como no deporte, unha decisión dun árbitro é inapelable e é perder o tempo, guste ou non guste. Ademais, turba as relacións institucionais e crea desconfianza, agás que teña razón legal neste caso non dubidaría en pelexar.

Ante esta situación, di cal é a resposta que actuou o goberno municipal. Di que catro uno. En principio, o primeiro solicitar documentación de valoración ao Ministerio, que xa lles foi entregada. En segundo,

buscar apoio do coñecemento loxístico doutras candidaturas como experiencia, por exemplo, A Coruña, que leva moitos anos nisto o que lles levou a manter unhas conversas telefónicas coa subdirectora de fondos, Dolores, unha persoa, de verdade, moi próxima e accesible, que se deixa chamar sen ningún problema, Lola; iso di moito dela.

Tralas primeiras conversacións se comprobou que calquera intento de comentar a valoración resultaba ineficaz, inoportuno e inaceptable por parte do Ministerio. Por tanto, exploraron a vía da prometida terceira convocatoria. Logo de varias conversacións co Ministerio, Eosa e administracións afectadas, tanto Ourense como Carballo fundamentalmente, todo isto nun ámbito de incerteza, dúbidas, dimes e diretes, en definitiva, confusión; se confirma que, se efectuará unha terceira convocatoria, pero sen fondos para Galicia.

Expón que con esta información manifesta que contactou con afectados de Ourense e Carballo e acode en auxilio da Fegamp, co obxectivo de reivindicar fondos para Galicia nesta terceira convocatoria, dado que dicían que en parte dependía de que a Xunta achegase parte destes fondos, ao igual que o estaba a facer Valencia, Asturias e cre que a comunidade da Rioja, que terá seguro fondos Dusi precisamente porque as comunidades autónomas fan unha achega.

Continúa a dicir que a día de hoxe non hai previsto fondos na comunidade autónoma de Galicia, pero chegan confirmacións próximas á Fegamp que se segue reivindicando ante a Xunta e, sobre todo, ao Ministerio que se habiliten trinta e oito millóns, outros din trinta e tres, trinta, trinta e cinco de euros prometidos para esta terceira convocatoria.

Di que no punto que se encontran, recollen a oferta feita polo Partido Popular na aprobación do documento cando o seu voceiro dicía que o Partido Popular vai a apoiar ao goberno porque sempre os van a ter aí cando intenten traer fondos para Cambre, sempre os terán ao seu lado, sempre e di que o volve a repetir.

Di que este é o momento no que Cambre necesita, non o goberno municipal que tamén, pero Cambre necesita e, polo tanto, partindo desta iniciativa lle pide e o fai extensivo ao resto dos grupos, que deste pleno se adopte un acordo unánime, claro e rotundo reivindicando fondos para a terceira convocatoria Dusi para Galicia. Di que se ten a obriga de esgotar todas as posibilidades por remotas que parezan, todo isto independentemente do que ocorra na quenda de preguntas. O acordo dirixírase á Xunta de Galicia, ao Ministerio e á Fegamp.

O señor alcalde expón que a seguir os grupos políticos farán as preguntas presentadas por rexistro. En primeiro lugar, o Partido Popular fará todas as preguntas seguidas, contestará o concelleiro don Juan González Leirós. A continuación, Asemblea Cidadá de Cambre fará as súas preguntas.

Concedida a palabra a dona Marta Maria Vázquez Golpe, concelleira do Partido Popular, le as preguntas.

1ª Con respecto do que comentou o señor Leirós da documentación achegada para esta segunda convocatoria, se requiriu ao Concello de Cambre por parte da comisión de valoración da estratexia documentación adicional ou a rectificación de erros ou contidos materiais da estratexia Edusi presentada en segunda convocatoria?

2ª En caso afirmativo, cal foi o contido da documentación ou rectificación achegadas polo Concello de Cambre durante o desenvolvemento do procedemento?

3ª En que data exacta se resolve por parte do concelleiro competente a contratación da empresa Eosa para o desenvolvemento da estratexia Edusi?

4ª Cal foi o custo repercutido pola empresa Eosa para o desenvolvemento de tales traballos?

5ª Existe algún informe dos técnicos municipais ao respecto? e sobre as posibilidades temporais de que os traballos fosen concluídos con éxito nunha segunda convocatoria, para o que non existía nin tan sequera un borrador sobre as liñas xerais de actuación a presentar nesta segunda convocatoria?

6ª Baseándose nas advertencias reiteradas do grupo municipal Popular respecto dos requisitos técnicos e fases de retorno, análise e encontros sectoriais que debe reunir a participación cidadá, que valoración realiza o concelleiro encargado de coordinar a estratexia das puntuacións obtidas en materia de participación cidadá, na que o Concello de Cambre non pasa dunha puntuación de cero puntos ao un e medio?

7ª E das puntuacións obtidas respecto das análises relevantes da área urbana?

8ª E respecto dos obxectivos temáticos, cuxa puntuación no punto nove, terceiro é de cero, pese a ser un dos puntos fortes da estratexia que se regula na orde de convocatoria?

9ª Cales son as responsabilidades que ten pensado asumir o goberno de Cambre ante a desastrosa puntuación obtida por Cambre nesta segunda convocatoria e tras perder por segunda vez consecutiva cinco millóns de euros para obras e servizos veciñais?

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que respecto da primeira pregunta, dicir que non. Non se lles requiriu.

Respecto da segunda pregunta, di que non ten sentido se a primeira xa é non.

En canto á terceira pregunta, manifesta que xa o explicou na exposición.

A cuarta tamén. Manifesta que no perfil de contratante constan todos os documentos de contratos.

Respecto da quinta pregunta, manifesta que a verdade a pregunta con sinceridade lle despista un pouco á metade da lectura. Cre que foi aprobado por unanimidade no pleno e dadas as condicións nas que se aprobou e a lectura que fai das aprobacións, é máis que suficiente para el a confirmación de que o documento era claro e concreto e que todos estaban vinculados.

Respecto da sexta pregunta, manifesta que o concelleiro da área por gusto ou pracer ou quizais por prurito profesional si que fixo xunto con dúas persoas máis unha especie de composición do que podería ser. Entende que hai valoracións que son mínimas. Evidentemente, non pode evitar ser parcial, porque, cando fai el as valoracións as fai maiores e lle dá que podería ter obtido 67,25 puntos, co que se estaría dentro. Insiste, a Edusi de Cambre non foi suspendida. Hai Edusis que lle dan 25 puntos, suspendidas. A Edusi de Cambre foi aprobada con 58,5 puntos sobre 50 de aprobado. O problema é que non se chega á puntuación de notable, que chegaron outros, e, polo tanto, se quedou fóra.

En canto á pregunta sétima, entende que debería ter algunha máis, sobre todo, porque presenta unha área metropolitana e cre que os motivos da Edusi están bastante concretos e que ademais non presenta temas singulares de Cambre, senón que presenta temas de todo o ámbito. Quen corrixe, corrixe e xa está.

Respecto da pregunta oitava, expón que punto forte, non o é, porque dos cen puntos, soamente ten como máxima a un punto, polo tanto, un punto forte non o é. Di que si que acepta que sexa cero, porque realmente non presentou ningunha puntuación ou ningún obxectivo temático fóra dos catro previstos, polo tanto, lle deron un cero merecidamente. Era un punto e non o fixo así a Edusi, non o goberno municipal. A Edusi foi contratada cun equipo que tiña as garantías de solvencia suficiente para facelo. É verdade, cero. Non está de acordo cos outros dous ceros, que se producen no punto 2.2 e 6.4.

En canto á pregunta novena, o goberno está disposto neste caso a asumir as mesmas responsabilidades que asuma o Partido Popular nesta cuestión. Cre que teñen a mesma responsabilidade. Polo tanto, as que asuma o Partido Popular o goberno está disposto en paralelo a asumir as mesmas responsabilidades.

A continuación, o señor alcalde manifesta que a seguir se expoñen as preguntas de Asemblea Cidadá de Cambre.

1ª Ante o rexeitamento por segunda vez polo Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas, Cambre queda fóra no reparto dos fondos europeos Edusi, desestimando o proxecto de rexeneración urbana “facendo Cambre” cun financiamento de 6,2 millóns de euros, unhas axudas fundamentais para desenvolver estratexias de futuro no concello.

Ante este problema, o noso grupo municipal pregunta ao concelleiro responsable de Urbanismo (que aseguraba que nos ían a conceder os fondos) se nalgún momento mantiveron algún tipo de reunión con responsables do Ministerio, para coñecer os criterios seguidos polo goberno na selección das Estratexias Urbanas de Desenvolvemento Sostible Integrado (Edusi).

2ª Despois de encher titulares alabando a boa participación cidadá, que sería fundamental nas eleccións de proxectos e gasto público e investimento, non podemos máis que estrañarnos ante as avaliacións sumamente negativas e preocupantes, que se fan a este respecto na Edusi que perdemos. Polo tanto, non podemos máis que preguntar:

Cales foron as canles de participación cidadá para coñecer a opinión dos veciños de Cambre sobre as necesidades principais, retos e problemas que se teñen que afrontar no concello ou na área urbana no seu conxunto?. Por que non se abriu un proceso participativo real facilitando os veciños un cuestionario sobre as actuacións máis urxentes para a súa valoración, convocando talleres de traballo coa participación de asociacións, ongs, representantes do comercio, empresas, representantes políticos, técnicos, etc.?

3ª Poden informarnos que documentación e información foi facilitada polo anterior executivo do Partido Popular respecto da primeira convocatoria destes fondos europeos? Poden xustificar a súa resposta documentalmente ou a través dalgún informe técnico ou declaración que a avale?

4ª Poden informarnos de que documentación e información dispuñan os técnicos municipais respecto da primeira convocatoria destes fondos europeos? Poden xustificar a súa resposta documentalmente ou a través dalgún informe técnico ou declaración que a avale?

5ª Pode o actual voceiro do PP, anterior alcalde de Cambre, Sr. Rivas, informar ao Pleno desta corporación e enumerar a información que deixou a disposición do novo equipo de goberno entrante presidido polo Sr. García Patiño, respecto da primeira convocatoria destes fondos europeos? Pode xustificar a súa resposta documentalmente?

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que cre que a primeira pregunta xa a comentou. Todas as entrevistas ou comentarios que tiveron co Ministerio, foron evidentemente como non podía ser, ou ían a Madrid ou baseándose no teléfono, o fixeron baseándose no teléfono. Di que haberá que buscar os rexistros do teléfono as veces que chamaron ao Ministerio, en Madrid. Non ten outro tipo de documentación.

Respecto da segunda pregunta, manifesta que participación cidadá corresponde ao apartado 6 da identificación dos problemas. Na participación cidadá hai catro apartados. Déronlle unha graduación media, de 2 puntos. El cre que debería ter 1, 1, 1,5, 1,5. O cero non o entende, porque realmente a participación que hai, hoxe pola mañá se mencionou coa empresa consultora que para iso tiveron ás once da mañá unha reunión na que algúns grupos non quixeron participar ou non puideron, pero era precisamente para aclarar todo este tipo de cuestións, que xa estaba prevista esta reunión moito antes do pleno, porque loxicamente había que facela que non se podía pechar o proceso sen ter esta reunión, reunión que era razoable, cunha mínima participación e unha mínima solvencia e transparencia. Participaron todos. E imos a darnos un dó de peito todos. É verdade. Este concello ten unha falta de participación cidadá bastante elemental, por exemplo, no tema de empresarios, non apareceu ninguén, aparece unha persoa; comerciantes, tampouco. Non sabe se o proceso que fixeron é realmente positivo, se puxeron moita enerxía, había soamente un mes, a data era 8, 13, 14 non sabe que, novembro; a verdade que tiveron erros, pero tamén é verdade que non hai un ámbito de participación cidadá, que non hai un plan de participación cidadá real, ata o de agora, se queremos manexar os termos doutra forma, si, pero real, non hai. Nese contexto, cre que saíron bastante ben parados, cun tema medio, e tampouco saíron tan mal. Insiste, agás no último apartado que levaron un cero.

En canto á terceira pregunta, cre que isto xa o comentou tamén na exposición.

Respecto da cuarta pregunta, expón que segundo os técnicos, ningunha, ata que se efectuou a contratación e, por suposto, participaron todos, todos os estamentos do concello de todas as áreas participaron na avaliación, dende Servizos Sociais, que entregou o seu informe, todos presentaron os informes, os que tiñan planes; os que non tiñan planes, non presentaron.

Respecto da quinta pregunta, expón que, loxicamente, a el non lle corresponde respondela. De todas as formas, quere dicir unha cousa. Oficialmente por rexistro moitas destas cuestións que se presentan, non hai. Hai datos e referencias, pero rexistro de entrada, non.

O señor alcalde manifesta que a última pregunta é unha pregunta que fai o voceiro de Asemblea Cidadá de Cambre ao voceiro do Partido Popular, que se quere contestar a contesta e se non, non a contesta, porque a comparecencia non é do voceiro do Partido Popular, senón que é do concelleiro e do alcalde. Polo tanto, se a quere contestar, a contesta; se non, non a contesta.

O señor alcalde dá conta de que había unhas preguntas do grupo municipal de Ciudadanos Cambre que retiraron mediante solicitude de Rexistro de Entrada antes da celebración do Pleno.

A continuación, o señor alcalde expón que haberá unha quenda de cinco minutos para os distintos grupos políticos, que comezará o Partido Popular.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe, concelleira do Partido Popular, manifesta que, como non podía ser doutro xeito, cada vez que o señor Leirós explica os fundamentos e os contidos dos fondos Edusi, lle sorprende máis e se queda máis perplexa. Non sabe se é mellor que dea explicacións ou que non as dea, porque cada vez que o señor Leirós abre a boca conta unha cousa diferente ao que contou o día anterior. Cando o señor Leirós falaba no rogo que presentou o Partido Popular para que explicara porque se presentaba esa estratexia de fondos Edusi, dicía que era que se tiña que presentar co

Consortio, que o Partido Popular non sabía as competencias do Consortio e que iso se aprobara por unanimidade e que a orde outorgaba competencias ao Consortio para presentarse. Agora o señor Leirós di que non, que resulta que había dúas opcións. Podíase un presentar polo Consortio ou podíase presentar de forma individual.

Continúa a dicir que por outra banda, o señor Leirós fala dunha providencia do Partido Popular, que segundo el, nin existe, nin se coñece, nin tampouco existen informes, nin tampouco é nada oficial.

Di que ela o que lle pediría é que, por favor, lle explique aos veciños que se el fai esa afirmación, presente un certificado da secretaría municipal conforme non existe no concello ningunha providencia, ningún informe, ningún orzamento solicitado á empresa para contratar este proxecto. Di que hoxe se decata tamén que a empresa Eosa se presenta no mes de outubro no Concello de Cambre para falar co concelleiro de Obras e Servizos, cousa que el negaba no mes de xaneiro do ano 2016.

Di que, polo tanto, o seu grupo está sorprendido da cara que se pode ter cando non se quere dar a cara. É inustificable que por segunda vez o goberno de Cambre perdera outra vez cinco millóns de euros. A gravidade dos feitos esixen responsabilidades. O motivo non é que se presentara tarde, mal, á présa e correndo, senón que o motivo é de raíz.

Continúa a dicir que cando o seu grupo nese pleno do mes de xaneiro do ano 2016 avisaba e advertía ao goberno de que ese proxecto presentado non se adaptaba ás bases da orde, o goberno fixo oídos xordos. É máis, fixeron todo un espectáculo de intolerancia contra o Partido Popular; mesmo, cuestionaron que outros concellos foran a recibir eses fondos. Pode incluso sinalar que o Concello de Arteixo nada máis darse conta do erro cometido presentando o proxecto co Consortio se puxo a traballar nel. Di que vai lembrar unhas palabras do señor Leirós dese mesmo pleno no que dicía “se Arteixo non presenta o Edusi por algo será, ou é que Arteixo xestiona mal o seu orzamento” iso lle preguntaba o señor Leirós a ela. Di que ela nese momento non estaba en disposición de responderlle, pero agora non soamente lle di que Arteixo xestiona ben o seu orzamento senón que ademais Arteixo xestiona ben os asesores e o persoal de confianza que contrata. Porque Arteixo investiu potencial económico en contratar asesores que xa dende ese mesmo momento, dende hai un ano e medio, se puxeron a traballar nesa segunda convocatoria e por iso conseguiu os fondos, mentres que aquí temos tres asesores que non sabe ninguén a que se dedican; si saben o que cobran, di que non teñen, a xuízo do Partido Popular, a formación específica para ser asesores de ningún goberno e, polo tanto, o seu grupo cre e afirma que todo iso esixe que o señor Leiros, quen é o responsable deste proxecto, asuma a súa responsabilidade.

Ademais, di que o señor Leirós presumía de presentarse co Consortio a un proxecto de oito millóns de euros cando efectivamente o Partido Popular lle apuntaba que por que presentarse a un proxecto de oito millóns de euros se podía presentarse en solitario a un. Por que non se puxeron a traballar nese momento. Por que non fixeron como Arteixo e iniciaron as negociacións ou ben coa empresa Eosa ou ben con asesores particulares contratados como persoal de confianza para que Cambre acadase eses fondos. Di que o Partido Popular se puxo a súa disposición xa dende o primeiro momento nese sentido.

Continúa a dicir que a convocatoria é o 7 de outubro e hai corenta e cinco días hábiles para presentar ese proxecto.

O señor alcalde maniféstalle a dona Marta Maria Vázquez Golpe que vaia rematando a súa intervención.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe di que evidentemente el, ela, os veciños que están aquí, a empresa Eosa, todos, repite, todos, absolutamente todos sabían que esa contratación non era máis que unha pantomima e unha comedia do grupo de goberno.

O señor alcalde interrompe a dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe manifesta que non rematou. Ao que o señor alcalde respóndelle que tiña cinco minutos e dille que non está no uso da palabra. Dille que tiña cinco minutos para a exposición, foi o que manifestou na Xunta de Voceiros. Os seus cinco minutos e vinte e tres segundos esgotáronse.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe solícítalle unha quenda de palabra para contestar á alusión sobre as dimisións do Partido Popular.

O señor alcalde reitera que non está no uso da palabra. Tiña cinco minutos.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe dille que esa é a súa forma de gobernar e non lle dá vergonza.

A continuación, o señor alcalde manifesta que Asemblea Cidadá de Cambre ten os seus cinco minutos.

O señor alcalde chama a atención por primeira vez a dona Marta Maria Vázquez Golpe e dille que non está no uso da palabra. Non vai consentir un circo. Di que sabían perfectamente como é o Regulamento orgánico municipal e os artigos contidos nel. Dille ao señor Rivas que tampouco está no uso da palabra. Teñen o tempo que estipula o Regulamento orgánico municipal, nin máis nin menos. Repite, por segunda vez, que non está no uso da palabra.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe manifesta que é unha humillación para os veciños, unha auténtica humillación, solicita que por favor lle deixe rematar.

O señor alcalde concede a palabra a Asemblea Cidadá de Cambre.

Dona Maria Olga Santos López manifesta que Asemblea Cidadá de Cambre entende totalmente necesario o esclarecemento de varios puntos que dende o principio desta convocatoria non quedaron o suficientemente claros ao seu entender. Aínda así, coida que, en relación co ocorrido agora mesmo, que este tema ben se podía ter tratado nun pleno ordinario e, soamente extraordinario, se o que se pedira fora a reprobación do alcalde ou do concelleiro ou, no seu caso, a dimisión. Todo parece obedecer a un espectáculo pouco serio.

Di que Asemblea Cidadá de Cambre, insiste, entende necesario esclarecer e falar de varios puntos desta convocatoria. De feito, en varias ocasións presentaron este tema a colación para intentar aclarar os citados aspectos que non quedaron claros dende o principio. Visto agora con perspectiva, dá por feito que o que pretendían, dalgún xeito, era maquillar unha mala xestión inicial da convocatoria ata chegar a acadar en segunda ou terceira convocatoria algún importe de axuda. Se se dera este caso, evidentemente, calquera mala xestión anterior caería no esquecemento. A cuestión é que ao final non se presentou á primeira. Rexeitaron o proxecto que se presentou na segunda. E dálle a sensación, dille ao señor Leirós, que non vai haber unha terceira. Conclusión, finalmente é verdade aquilo que dicía Asemblea Cidadá de Cambre e que non caía ben, que o Concello perdería ata unha cantidade de cinco millóns de euros e así parece que vai ser definitivamente.

Comeza polo principio. Ese repaso que facía o señor Leirós no seu momento entende que tería sido necesario facelo, non agora. Certo é que o goberno tomou posesión do cargo, igual que eles, en xuño de 2015, é dicir, seis meses antes de que rematara o prazo de presentación, segundo establecía a

convocatoria que sinalaba o 13 de xaneiro como último día para presentar a solicitude. A cuestión é que se interesou polos motivos polos que Cambre non ía a concorrer a esta convocatoria e no pleno do mes de xaneiro, como consecuencia dun rogo presentado polo Partido Popular, comezaron a falar deste tema no salón de plenos.

Continúa a dicir que como hai actas de todo, se algo que di non é correcto, roga que lle corrixa.

O señor Leirós, entende Asemblea Cidadá de Cambre, o dixo naquel momento e o repite agora, non estivo moi acertado nas explicacións dadas sobre os motivos polos que non se concorria a esta subvención de xeito individual, e máis, cun ton, lle vai permitir que bastante instigador e condescendente, explicou naquel pleno que o feito de que Culleredo, que se poñía como exemplo, se presentara por si mesmo á convocatoria non era máis que un dobre xogo. Faltoulle chamarlle grupo de trampóns, traidores ou algo semellante, porque dicía incluso que dentro do Consorcio lles parecera mal que se presentara de xeito individual porque ou se facía dunha forma ou se facía doutra. Resoltou finalmente o que dicía Asemblea Cidadá de Cambre, que tan mala idea non tivo Culleredo cando apañou máis de tres millóns de euros e Cambre, finalmente, quedou mirando para os paxariños. Di que Culleredo fixo unha cousa e fixo a outra. Concorreu e se se tivera aprobado proxecto o plan estratéxico do Consorcio se tería beneficiado de ambos importes, do propio e do Consorcio.

Dille ao señor Leirós que lembrará que nese pleno dixo que veríamos a ver se se lle daban eses fondos. Por iso fai esa mención a Culleredo. Ela contestáralle naquel pleno que independentemente de que se lle concederan ou non, a súa obriga era presentarse a esa convocatoria de xeito individual, posto que era un dereito para os veciños e un deber para o goberno.

Lembrará tamén que ela dixo nalquel momento, e llo volve a dicir agora, que o que menos lle gustou de todo o asunto foi o xeito en que trataron de maquillar a realidade non cara ao seu grupo, senón cara a cidadanía de Cambre. E resulta que a razón non a outorga ela, a razón lla dá o paso do tempo. Por ese motivo, tamén lembrará que naquel pleno lle dixo que mentir lles podía levar a unha solución a curto prazo pero que coa forma de manipular a realidade o que estaban perdendo era o honor. Poucos meses despois tiveron a demostración.

Di que algo que tamén lle ofendía moito ao señor Leirós que lle dixera era que un plan estratéxico non tiña nada que ver co plan de mobilidade.

O señor interrompe a dona Maria Olga Santos López e dille que vaia rematando a súa intervención.

Dona Maria Olga Santos López continúa a dicir que finalmente, dentro do plan de Culleredo, por exemplo, por seguir co mesmo exemplo, hai un plan de mobilidade.

Respecto da segunda convocatoria, di que efectivamente a apoia, e aquí a terán para calquera proxecto que redunde en beneficio dos veciños e das veciñas de Cambre. Di que apoiaría, incluso, con defectos, pero o que si pide a partir de agora é que, no seu labor de oposición, e no seu labor de fiscalizadores, que é obriga ademais, non é dereito soamente, cando se presente unha situación destas características sexan totalmente claros e transparentes.

Concedida a palabra a dona Maria José Garcia Hidalgo, voceira de Ciudadanos, expón que ao seu grupo "facendo Cambre" lle pareceu un proxecto real e crible. O que se pregunta é se nalgúns puntos estaban en consonancia cos obxectivos da Unión Europea.

Di que lle gustaría poñer o exemplo de Arteixo, porque en Arteixo se aposta moi fortemente por dotar a poboación de transporte híbrido, modernizándoo e ampliando e isto di que lle puntuou moi excelentemente.

Continúa a dicir que neste concello non se percibiu un traballo de rúa, como se ve en relación coa puntuación que recibe respecto da participación. O proxecto de Arteixo, que o fixeron dous técnicos municipais durante moitísimas horas, fins de semana longos, compaxinando os seus labores diarios con todo o que este proxecto lles levou. Fixeron un documento palpable, debatendo con todos os grupos políticos na oposición, involucrándose goberno e oposición; cousa que aquí, á parte de que se lles dixo que presentaran as súas propostas por rexistro e logo a contestación foi tamén bastante ambigua, non houbo máis mesas de traballo, non houbo máis participación, non sabe nin cantas asociacións participaron, nin cantas ideas houbo. A información é moi escasa.

Continúa a dicir que o seu grupo cre que os dous problemas que puideron afectar a esa baixa puntuación son: un, quizais o goberno, non o sabe ou non, non acusa a ninguén, simplemente, é unha dúbida que ten, nalgún pleno ordinario o preguntará, é se dalgunha maneira presionaron á empresa Eosa para que aqueles proxectos que tiñan xa decidido foran si ou si, metidos como con calzador, e aínda a sabendas, quizais, que a empresa Eosa aconsellera que puidera ser quen non dera a puntuación suficiente. Este é un dos motivos que pensa que puido influír.

O outro motivo, efectivamente, é o pouco tempo que houbo, o hai que recoñecer. Tiveron moi pouco tempo, todo o mundo tivo pouco tempo, foi todo demasiado rápido e iso di que dende Ciudadanos tamén pensa que influíu para poder facer ese documento e dotar á poboación desas necesidades que se tiñan.

Manifesta que o seu grupo votou a prol, como non podía ser doutra maneira. A empresa redactora, de feito, contestou ás súas propostas; dixo a seis que si, a tres que non e a tres que si con obxeccións. Por exemplo, turismo gastronómico, utilizando as praderías laterais do río Mero, isto podería ser potenciado con concursos de alimentación tradicional, se trataría da instalación de grellas e zonas temporais de aparcadoiro para atraer ao público da cidade para a celebración dun día familiar e festivo, xerando con isto un divertimento familiar e social. Comentario si. Esta foi a resposta que deu a empresa Eosa. Comentario si. Entende que será que a acepta.

Continúa expoñendo, turismo cultural e deportivo, potenciación da ruta xacobeá, senderismo, visitas aos monumentos románicos, edificios culturais. A repostou foi igual. Comentario si.

Local en colaboración co Concello de Culleredo, a metade da ría é de Cambre, isto atraería a moitos rapaces doutros municipios coas súas familias, gastarían e gozarían aquí, Cambre se convertería nun referente. Dotar ao municipio de canles de comunicación para achegar a información e para que os visitantes saiban que se poden quedar a dormir, que sexa o concello quen lles aconselle. Que se alien os hostaleiros, baixo os consellos que dende a área de Desenvolvemento Local se lles ofrezan dende o concello para conseguir unha oferta turística potente. Non sabe se houbo algunha idea da ADL con respecto disto. Eosa díxolle que si, pero que non a unha escola, si a uns cursos.

Aproveitando o rock in Cambre, dotar de espazos e instalacións necesarios para facer foliadas tanto en verán como en inverno, que tanto éxito teñen e que atrae a xente doutras cidades. Comentario si. Pero aliñado co auditorio. Respecto do tema do auditorio, di que ter un auditorio que non terá aparcadoiro e que non haberá unha liña de bus dende Villa Concepción ao auditorio, non a hai neste momento, tamén cre que o tema do transporte urbano foi moi deficiente no proxecto.

Di que loxicamente estas cousas se ven agora, é difícil velas antes, o ten que recoñecer.

Outro punto que tamén se lle aprobou, intelixente, iluminación de baixo consumo, sistemas led en área metropolitana. Comentario si. Por certo, as propostas do seu grupo as presentou no Rexistro de Entrada o día 12 de novembro de 2016, aos cinco días exactamente de ter a reunión con Eosa. Cre que foron os primeiros.

O señor alcalde interrompe a dona Maria José Garcia Hidalgo e rógalle que vaia rematando a súa intervención.

Continúa a dicir que á parte disto, tamén as publicou nas redes sociais. Pedía red wifi. Si. Seguridade vial. Si. Ribeiras do río Mero. Si.

Outra cousa que lle estrañou moito. Utilización de quen o desexe de bicicletas eléctricas, se pola súa idade ou estado físico non queren ou non poden realizar outro tipo de esforzo. Comentáronlle si, pero quizais a eléctrica non. Viu que Coruña apostou fortemente polas bicicletas eléctricas e iso lle puntuou moi fortemente.

En relación coa información que figura na web, di que a verdade é moi escasa.

O señor alcalde interrompe a dona Maria José Garcia Hidalgo e dille que rematou o seu tempo.

A continuación, o señor alcalde manifesta que o concelleiro pode contestar, se o considera oportuno, ás preguntas e ás cuestións formuladas nesta quenda e con isto remata este pleno.

Don Juan González Leirós manifesta que a providencia a teñen eles mesmos. Dona Maria Jesús González Roel solicitouna en novembro de 2015, mediante rexistro de entrada, co que a teñen eles, non fai falta que lla dea. Pero di que non hai ningún inconveniente en facilitarlle unha copia.

Di que non cre que oculte nada. Nin cre que teña moita cara. Isto terá que vir despois de poñer uns argumentos enriba da mesa, non antes; senón o que se está a facer é un prexuízo da situación. É o que pensa. Eles pensa outra cousa.

O señor alcalde chama á orde. Di que está a falar don Juan González Leirós. O señor está a aplicar ao pé da letra o Regulamento orgánico municipal, nin máis nin menos. O Partido Popular tivo hoxe unha oportunidade na Xunta de Voceiros para solicitar unha ampliación.

Don Juan González Leirós manifesta que a seguir contestará a Asemblea Cidadá de Cambre.

Dille a dona Maria Olga Santos López que si é verdade, quizais se equivocou na primeira convocatoria. Quizais non tiñan a perspectiva que teñen hoxe do asunto. Quizais tampouco tiñan a formación, a experiencia política para contestar nalquel momento. Di que el lle está contestando e lle roga e lle pide que ela vexa a súa actuación e a súa referencia a día de hoxe. Aprenderon dos seus comentarios no pleno e aínda que a ela lle pareza que non, escoitan. Dormen polas noites ben, pero escoitan e reflexionan. Con sesenta e tantos anos segue disposto, cre que é o maior valor, a aprender todos os días. Cre que da administración sabe bastante, pero está disposto a aprender todos os días de calquera dos presentes. Hai cousas que lle teñen que ensinar, polo tanto, que quede isto por diante.

Respecto do tema de Culleredo, si é verdade. Apuraron máis, pero tamén eles, o hai que recoñecer, que teñen outra posición, teñen máis planes realizados, teñen máis experiencia nestes temas, teñen a sorte de ter a un señor que foi director xeral de mobilidade e que, dalgunha maneira, se manexa bastante ben nestes temas. Aquí non o hai. Polo tanto, cada un ten que saber co coche que vai á

carreira e, como Fernando Alonso, se non tes coche xa podes fastidiarte, porque non vas a ganar a carreira. Aquí, queiramos ou non queiramos, e aínda que queiramos moito a Cambre, non hai as disponibilidades de coche, nin as que ten Culleredo, nin as que ten Arteixo, guste ou non guste. Nin comparativa cos seus orzamentos. Nin comparativa con outras cuestións. Esa é a verdade e a realidade. Mentres non se asuma a realidade, que moitas veces non se asume, non se poderá darlle resposta. A realidade é ista. Di que se asuma e se lle poderá dar unha resposta adaptada.

A seguir, manifesta que, respecto de todos os comentarios de Ciudadanos, se admiten. Respecto de se o goberno apurou ou presionou á empresa, di que nin o máis mínimo. A empresa tivo absoluta liberdade para traballar neste proxecto. A empresa considerou que estas eran as liñas estratéxicas e pode caber un erro.

Fai un comentario, sen crítica, cara a Arteixo. Di que lle gustará ver como Arteixo pon toda a súa idealización no campo práctico da execución dos proxectos. Di que subir de Arteixo a Meicende, como propón, en bicicleta, cando aínda non ten un carril bici construído, non vai a ser fácil. Porque hai que construír primeiro o carril bici para logo levar a bicicleta. En segundo termo, estrañaríalle moito que a xente vaia de Arteixo a Meicende en bicicleta para subir todos os días. Non se está preparado. Di que isto non é Europa, isto non é Holanda, onde todo é unha chaira, ou Alemania, que están moi acostumados. Aquí non se está acostumado a sufrir na bicicleta para subir, aínda. Non di que posteriormente, non. Acepta que eles xogaron mellor a súa baza e o hai que recoñecer. É como un partido de fútbol, xogas mellor, ganas. Niso está de acordo.

En canto á oportunidade de preguntar á empresa se se lles apurou a tivo ela hoxe ás once da mañá, porque a invitaron á reunión. Tivo a oportunidade de preguntarlle directamente. Asegúralle que non.

Don Manuel Rivas Caridad pregúntalle ao señor alcalde se pode responder á pregunta.

O señor alcalde contéstalle que tivo a súa oportunidade cando llo dixo e a seguir dá por terminado este pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia